

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 20 de xullo de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 20/07/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 20/07/2017.
- III. Calendario dos exames de grado 2017-18.
- IV. Guías docentes 2017-2018
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 5 de xullo de 2017.

Envíase por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola. Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 5 de xuño de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Actualizouse na web toda a información (área, cargo, nome, mail e teléfono) do Persoal de Administración e Servizos da Escola <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/persoal-de-administracion-e-servizos>.
- Publicouse na web a información relativa ao Acto de Gradación 2017 celebrado o 7 de xullo <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/alumnado/acto-de-graduacion>. A dirección agradece a María Araújo o traballo realizado na organización do acto.

- Publicáronse na web os horarios de defensa e os tribunais dos TFG <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao> e TFM <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-mestrado> da convocatoria de xullo.
- Actualizouse o apartado de prensa da web <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/comunicacion/prensa> e publicouse, entre outros, un artigo publicado en Entiba 2017, a revista do Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, que recolle a memoria de actividades da EME durante o 2016.
- O 14 de marzo de 2017 recibíuse un escrito da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital onde se solicitaba á Escola que remitise unha proposta de vogal para actualizar os membros da Comisión de Seguridade Mineira, que é o órgano superior consultivo en materia de seguridade mineira e compételle propoñer as normas e liñas de actuación. Os Vogais son designados polo Director Xeral de Política Enerxética e Minas a proposta das agrupacións interesadas, no noso caso, seis catedráticos dos Escolas Técnicas Superiores de Enxeñeiros de Minas cuxa especialidade sexa máis afín á seguridade mineira, sendo un deles, o Director do Laboratorio Oficial José Madariaga. A dirección propuxo a Javier Taboada Castro, dado que cumpría os requisitos e o 12 de xullo recibíuse un escrito comunicando que foi designado vogal da citada comisión.
- Recibíronse os informes provisionais de seguimento 2015-2016 dos títulos da escola que este curso eran avaliados pola Uvigo. Para o grao de Enxeñaría da Enerxía e o grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos a valoración global foi de CONFORME. A pesar desta valoración, a CGIC decidiu presentar alegacións xa que na Valoración de Cumprimento dos 7 apartados que se valoran, 4 foron cualificados con NON CONFORME baseándose en que non existe reflexión. En canto ao Mestrado en Xeoinformática, a valoración foi de NON CONFORME debido a que non existen datos, análises ou reflexións da UDC que participa no mestrado, o Coordinador do Mestrado decidiu tamén presentar alegacións. O prazo para presentar alegacións finaliza o 31 de xullo, debendo ser aprobadas pola CGIC e informar na seguinte Xunta de Escola.
- O 18 de xullo a Dirección xunto con Ignacio Pérez Rey da SMG mantivo unha reunión cos familiares de D. Antonio de Sas no hospital Povisa xa que queren doar, con carácter indefinido, a colección de minerais que estaba exposta no hospital á Escola. O 19 de xullo recibíuse a colección na escola e o luns 24 de xullo asinarase o documento de doazón no que figuran como condicións, que se faga unha exposición de carácter público, que se use con fins didácticos e divulgativos e que figure o nome do doante. A dirección agradece a Ignacio Pérez Rey as súas xestións co hospital e coa familia para concretar a doazón.
- O 18 de xullo a dirección asistiu en Santiago de Compostela á Xornada de Creación do Grupo de Traballo para a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia organizada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, con obxecto de presentar as liñas básicas da estratexia, identificar

os axentes sociais interesados e presentar o grupo de traballo da estratexia. No devandito grupo de traballo participan a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC e a ETSI de Camiños, Canles e Portos da UDC, entre outros. Na xornada púxose de manifesto que faltaba a UVigo e a dirección, en representación da escola, ofreceuse para participar no grupo.

- Co fin de actualizar o apartado de profesorado na Web da Escola <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>, enviouse un mail solicitando que se cubra un formulario <https://goo.gl/forms/hXaevstlks6eSB5w2> para incluír as titorías do próximo curso 2017-2018 así como outra información que teña que ser actualizada.
- Durante os días 19 e 20 de xullo estase a celebrar na EE Industrial un taller sobre o uso de estándares no ámbito universitario organizado pola EE Industrial e a EE de Minas e Enerxía. O curso é impartido por profesionais de AENOR. Houbo 16 inscritos, 8 alumnos e 8 profesores.
- A principios de outubro hai que convocar eleccións dos representantes na Xunta de Escola nos sectores: PDI sen vinculación permanente, estudantes e PAS. O Calendario Electoral amósase na táboa mostrada abaixo. Este calendario debe remitirse á Secretaria Xeral para a súa aprobación e posteriormente publicarase no taboleiro de anuncios do módulo de Dirección.

**CALENDARIO ELECTORAL
ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NA XUNTA DE ESCOLA
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA**

SECTORES: PDI sen vinculación permanente, ESTUDANTES e PAS

1 de setembro de 2017	Sorteo público da Xunta Electoral no Negociado de Asuntos Xerais (10:00 horas)
8 de setembro de 2017	Publicación dos censos provisionais.
Do 8 ao 13 de setembro de 2017	Prazo de reclamacións sobre os censos provisionais (non inferior a 5 días naturais)
14 de setembro de 2017	Publicación dos censos definitivos.
Do 14 ao 21 de setembro de 2017	Prazo de presentación de candidaturas (non inferior a 5 días naturais).
22 de setembro de 2017	Proclamación provisional de candidatos.
22 de setembro de 2017	Sorteo público da MESA ELECTORAL no Negociado de Asuntos Xerais (10:00 horas)
25, 26 e 27 de setembro de 2017	Prazo de reclamacións sobre a proclamación provisional de candidatos (3 días hábiles a partir da proclamación).

28 de setembro de 2017	Proclamación definitiva de candidatos.
Do 29 de setembro ao 3 de outubro de 2017	Campaña electoral (3 días hábiles).
5 de outubro de 2017	Votación na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE de Minas e Enerxía, de 11:00 a 19:00 horas.
6 de outubro de 2017	Proclamación provisional de resultados.
9, 10 e 11 de outubro de 2017	Presentación de reclamacións sobre a proclamación provisional de resultados (3 días hábiles).
Entre o 13 e o 16 de outubro de 2017	Resolución, por parte da Xunta Electoral, das reclamacións presentadas.
16 de outubro de 2017	Proclamación definitiva de representantes electos na Xunta de Escola.

- O 15 de setembro, e con motivo da conmemoración dos 25 anos dos estudos de Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo, está a organizarse unha comida para reunir aos egresados e profesorado que pasaron nestes 25 anos pola escola. Nestes días enviarase información do evento e desde a dirección animámosvos a asistir.
- Do 22 ao 24 de setembro de 2017 celébrase o “Mineral Day”. Trátase dunha iniciativa do sector mineiro europeo que se celebra cada dous anos para dar á sociedade a oportunidade de explorar o mundo dos minerais. A COMG coordinou a oferta de eventos en Galicia e desde a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ofertouse un taller de recoñecemento de minerais o venres 22 e sábado 23 de setembro. A información está publicada no apartado de eventos da web: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/comunicacion/eventos>
- Os datos de matrícula das titulacións do centro a data de hoxe son:

		IRME	IE
PREINSCRITOS	11-jul	14	60
MATRICULADOS 1º PLAZO	14-jul	7	28
CONVOCADOS 2º PLAZO	21-jul	1	17

	IM	GI
PREINSCRITOS	4	15
ADMITIDOS	3	10

3. Aprobación, se procede, da modificación no calendario de exames do curso 2017-2018, da data de exame das materias dos Graos impartidos neste centro: “Cálculo I” e “Álgebra”.

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo III) a proposta de modificación no calendario de exames.

A Xunta de Escola, na súa reunión celebrada o 20 de xuño, aprobou o calendario de exames das materias dos graos correspondentes ao curso 2017-18. Posterior a esta aprobación, solicitouse un cambio de datas coa que os profesores implicados están de acordo. A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación.

O profesor D. José Bienvenido Díez Ferrer solicita que nas tardes do mes de xullo non se realicen exames. A xefa de estudos, Da. María Araújo Fernández explica que non hai posibilidade debido á escasa dispoñibilidade de aulas. Por outra banda, a delegación de alumnos non quere que haxa solapamento de exames de curso diferentes, para que os repetidores podan presentarse a exames de distintos cursos.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes dos títulos impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-2018.

Enviáronse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo IV).

As guías docentes que quedan por aprobar son as de “Tecnoloxía ambiental” de segundo curso dos graos e aquelas materias de grao que no curso 2017-18 van ofertar docencia en inglés:

- G290601 Recursos, instalacións e centrais hidráulicas
- G290801 Proxectos
- G290608 Motores e turbomáquinas térmicas
- G310631 Recursos, instalacións e centrais hidráulicas
- G310802 Proxectos
- G310701 SIX e ordenación do territorio

Preséntanse tamén, para a súa aprobación, as guías das materias do Mestrado en Enxeñaría de Minas. Estas foron aprobadas pola comisión académica do mestrado e tráense á Xunta de Escola para á súa ratificación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes dos títulos impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-2018.

5. Nomeamento, se procede, das Comisións de Apto por Compensación para os graos impartidos neste centro.

A directora fai unha introdución da Instrución para a Avaliación por Compensación de estudantes de Grao enviada desde a Vicerreitoría de Estudantes. Segundo esta instrución, aqueles estudantes de grao que cumpran os requisitos que se especifican poderán optar a un apto por compensación en aquelas materias que soliciten:

Para poder solicitar a AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN o alumno debe estar matriculado na/as materia/s a compensar no momento de realizar a solicitude e atoparse nun dos seguintes 4 casos :

- 1) *Que non poida continuar os seus estudos por aplicación da normativa de permanencia.*
- 2) *Que a taxa de éxito da materia en cuestión sexa inferior ao 35% nos tres últimos cursos.*
- 3) *Cando os créditos que queden para obter o título, exceptuando o TFG, sexan menos que os de calquera das materias que poida cursar para conseguilos.*
- 4) *Que o alumno cumpra estes tres requisitos:*
 - a) *Que, polo menos, o 50% dos créditos do título cursáseos nesta Universidade.*
 - b) *Que queden un máximo de dúas materias, que non superen entre ambas os 12 créditos (sen contar o TFG).*
 - c) *Que se presentase a exame nesa materia polo menos 3 veces e que nesas tres ocasións estivese cualificado con máis dun 1.*

Cando o alumno cumpra un dos apartados 1, 2 ou 3 ou 4 que sinalamos no apartado anterior e ademais estea en calquera dos seguintes casos:

- a) *Que a cualificación que teña na materia en cuestión sexa un 3,5 ou máis.*
- b) *Ou ben, que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na ÚLTIMA PROMOCIÓN con dereito a docencia. (CURSO 15-16: GRAO IE: 7.077; GRAO IRME: 6.792)*

Atendendo a esta instrución, a EME debe formar unha comisión avaliadora que deberá estar formada seguindo as seguintes instrucións achegadas desde a Vicerreitoría de Estudantes:

Artigo 5.2.

A comisión de compensación será nomeada polo centro de adscrición da materia coa seguinte composición tendo en conta a paridade entre mulleres e homes:

A persoa coordinadora da titulación que a presidirá.

Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia na titulación.

Un ou unha vogal que represente o estudantado nalgún consello dos departamentos implicados ou na xunta de centro correspondente.

Artigo 5.4.

Non poderá formar parte da comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que solicita compensar. De ser o caso, este deberá ser substituído por outra/o docente designado polo centro.

Procédese ao sorteo dos membros das Comisións sendo o resultado do mesmo o que se amosa nas seguintes táboas:

GRAO DE ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

Presidenta: Dona María Araújo Fernández

Tres vocais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
<p><u>Área:</u> EXPRESIÓN GRÁFICA <u>Profesor:</u> ELENA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ</p>	<p><u>Área:</u> PROSPECCIÓN <u>Profesor:</u> NATALIA CAPARRINI MARÍN</p>
<p><u>Área:</u> ESTRATIGRAFÍA <u>Profesor:</u> J. BIENVENIDO DÍEZ FERRER</p>	<p><u>Área:</u> EXPLOTACIÓN DE MINAS <u>Profesor:</u> FERNANDO GARCÍA BASTANTE</p>
<p><u>Área:</u> ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS <u>Profesor:</u> ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ</p>	<p><u>Área:</u> MEDIOAMBIENTAL <u>Profesor:</u> RAFAEL BARRIONUEVO GIMÉNEZ</p>

Un vocal do estudantado:

Titular: IAGO BLANCO LOSADA

Suplente: ELENA MACEIRAS AGRAFOJO

GRAO DE ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

Presidente: Don David Patiño Vilas

Tres vocais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
<p><u>Área:</u> EXPRESIÓN GRÁFICA <u>Profesor:</u> ELENA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ</p>	<p><u>Área:</u> PROSPECCIÓN <u>Profesor:</u> NATALIA CAPARRINI MARÍN</p>
<p><u>Área:</u> ESTRATIGRAFÍA <u>Profesor:</u> J. BIENVENIDO DÍEZ FERRER</p>	<p><u>Área:</u> EXPLOTACIÓN DE MINAS <u>Profesor:</u> FERNANDO GARCÍA BASTANTE</p>
<p><u>Área:</u> ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS <u>Profesor:</u> ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ</p>	<p><u>Área:</u> MEDIOAMBIENTAL <u>Profesor:</u> RAFAEL BARRIONUEVO GIMÉNEZ</p>

Un vocal do estudantado:

Titular: IAGO BLANCO LOSADA

Suplente: ELENA MACEIRAS AGRAFOJO

A Xunta de Escola aproba por asentimento as Comisións de Apto por Compensación para os graos impartidos neste centro que actuarán no que queda deste curso 2016/2017 e no vindeiro curso académico 2017/2018. Salvo os alumnos, que serán renovados na primeira Xunta de Escola do vindeiro curso 17/18.

6. Aprobación, se procede, da memoria dun curso complementario

La directora presenta la memoria final do curso complementario titulado “Planificación e seguimento de proxectos con Microsoft Project” solicitado por o profesor D. Ignacio Armesto.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria do curso que será mandado á Vicerreitoría de Extensión Universitaria tras a súa aprobación.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai asuntos que tratar.

8. Rogos e preguntas.

O profesor D. José Bienvenido Díez Ferrer e o alumno D. Marcos González Bello fan o rogo de que as aulas sexan climatizadas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte de xullo de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 20/07/2017



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 20/07/2017



ANEXO III

Calendario dos exames de grado 2017-18.

ANEXO IV

Guías docentes 2017-2018

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**
 - **Mestrado en Enxeñaría de Minas**